



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

##### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 1 de agosto de 2025, acordou aprobar a resolución provisional da referida convocatoria de subvencións e notificar o acordo provisional aos interesados de acordo co previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións.

O anuncio da resolución provisional publicouse o día 7 de agosto de 2025 no BOP de Lugo nº 180 e na web da Deputación Provincial ([http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subv\\_activ\\_RRBB2025](http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subv_activ_RRBB2025)), non presentándose ningunha alegación no prazo concedido.

Polo tanto, de acordo co punto 10 CONCESIÓN E COMUNICACIÓN das bases da convocatoria, "*finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de concesión provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Así mesmo o citado anuncio tamén será obxecto de publicación e na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)*".

A resolución definitiva da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025 correspóndese coas listaxes que se anexan a continuación, así como a desestimación das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes.

#### LIÑA 10.2 RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO

##### 1. Listaxe solicitantes aos que se propón a concesión de subvención

|    |                                                   |           |                    |                                                                                                                                                              | VALORACION (MÁX. 30 PUNTOS) |                              |                                |                  |                 |              |                              | TOTAL | TOTAL SUBV. CONCEDIDA (€) |
|----|---------------------------------------------------|-----------|--------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|------------------------------|--------------------------------|------------------|-----------------|--------------|------------------------------|-------|---------------------------|
| Nº | SOLICITANTE                                       | NIF       | IMPORTE SOLIC. (€) | ACTIVIDADE                                                                                                                                                   | MEMBRO ORG PART. (7 PUNTOS) | CUMPR PLAN ACCIÓN (5 PUNTOS) | CALIDADE E INTERESE (5 PUNTOS) | POBOAC. (5 PUNT) | PROMOC (3 PUNT) | DIA RB (2 P) | VALORACIÓN SOCIAL (3 PUNTOS) |       |                           |
| 1  | ASOC. DE VECIÑOS SAN MARTIÑO DE RÍO               | ***5135** | 2.565,00           | Poñer en valor o roteiro "Camino Real" no concello de Láncara realizando dúas etapas (incluíndo desprazamentos, comidas, visita interese natural e cultural) | 0                           | 5                            | 3                              | 4                | 1               | 0            | 3                            | 16    | 2.565,00                  |
| 2  | CAPACES LUGO                                      | ***4501** | 2.128,50           | Conectando coa natureza (programa actividades de sensibilización ambiental incluíndo a docencia e o material funxible)                                       | 0                           | 5                            | 5                              | 4                | 3               | 0            | 3                            | 20    | 2.128,50                  |
| 3  | ASOC. MULLERES RURAIS A XUNTANZA DE CASTRO DE REI | ***2887** | 2.286,18           | Obradoiro de cantería (incluíndo docencia e materiais)                                                                                                       | 7                           | 3                            | 3                              | 3                | 2               | 0            | 3                            | 21    | 2.286,18                  |

|    |                                                     |           |          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |   |   |   |   |   |   |   |    |          |
|----|-----------------------------------------------------|-----------|----------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|---|---|---|---|----|----------|
| 4  | ASOC. CULTURAL, AGRARIA, AMBIENTAL MUIÑO DE BARXA   | ***4658** | 3.990,00 | Obradoiros arredor das plantas aromáticas e herbas medicinais autóctonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño (deseño da actividade, custos xestión e organización dos obradoiros; subministros non inventariados; seguimento e asistencia nas prácticas)                                                                           | 7 | 5 | 5 | 5 | 3 | 0 | 3 | 28 | 3.990,00 |
| 5  | ASOC. CORRIPA                                       | ***5068** | 4.561,70 | Trala pista da pinteira rabilonga na Reserva da Biosfera Terras do Miño (deseño e edición material difusión, deseño e celebración xornada de campo, actuacións difusión e comunicación)                                                                                                                                              | 7 | 5 | 5 | 4 | 3 | 0 | 3 | 27 | 4.561,70 |
| 6  | ASOC. PARA EL DESARROLLO RURAL DA COMARCA DE LUGO   | ***4816** | 7.000,00 | Desafíos da comarca de Lugo na Biosfera Terras do Miño 2025 (xornada de xogo de escape "O enigma do Miño" e espectáculo "O bosque itinerante", incluíndo elementos e materiais necesarios para a realización da actividade; custes de preparación, xestión e realización da actividade; custes de persoal e custos de desprazamento) | 0 | 5 | 5 | 4 | 3 | 2 | 3 | 22 | 7.000,00 |
| 7  | ASOC. DE PESCADORES PONTE DE AREAS                  | ***4040** | 2.873,75 | Conservación do entorno nas marxes do río Miño Anualidade 2025 (actuacións de roza, limpeza e adecuación de camiños na zona de policía do río)                                                                                                                                                                                       | 7 | 3 | 3 | 4 | 1 | 2 | 3 | 23 | 2.873,75 |
| 8  | ASOC. MONTES E VALES                                | ***3891** | 6.035,40 | Cociña de Ancares Terras de Burón, sabores do pasado, praceres do presente (tres xornadas de cociña incluído docencia, aluguer espazo, materiais, documentación audiovisual e difusión e promoción)                                                                                                                                  | 7 | 5 | 3 | 4 | 3 | 0 | 3 | 25 | 6.035,40 |
| 9  | CENTRO RECREATIVO, CULTURAL Y DEPORTIVO DE BAAMONDE | ***1236** | 1.985,50 | Actuacións RB Cercud Baamonde 2025 (limpeza río, poda mantemento árbores, mantemento e limpeza CI Muiño do Pan, campamento scout)                                                                                                                                                                                                    | 0 | 5 | 5 | 4 | 3 | 2 | 3 | 22 | 1.985,50 |
| 10 | ASOC. DEPORTIVA RÍO LADRA                           | ***1634** | 7.000,00 | Actuacións de acondicionamento e recuperación das marxes fluviais do río Ladra entre a súa desembocadura e Muiño de Rebordaos (accións de desbroce e limpeza)                                                                                                                                                                        | 7 | 3 | 5 | 4 | 3 | 2 | 3 | 27 | 7.000,00 |
| 11 | CLUB PRAGÜISMO CIUDAD DE LUGO                       | ***1071** | 7.000,00 | Descobre a natureza nun caiaç (organización de rutas en caiaç polo río Miño en 2 tramos, incluíndo monitores, servizos profesionais, aluguer, materiais e gastos de comunicación, soportes publicitarios e materiais divulgativos e prensa)                                                                                          | 7 | 3 | 5 | 3 | 3 | 0 | 3 | 24 | 7.000,00 |
| 12 | ASOC. COMISIÓN DE FESTAS O PEDREGAL                 | ***5068** | 2.090,00 | Visita turística a Terras do Miño (itinerarios de tren turístico, incluíndo aluguer de tren, honorarios condutor e material de difusión)                                                                                                                                                                                             | 0 | 3 | 5 | 5 | 3 | 2 | 3 | 21 | 2.090,00 |
| 13 | ASOC. VECINOS SAN COSME DE NETE                     | ***2195** | 1.700,00 | Obradoiro de cociña de aproveitamento con produtos de proximidade e recursos sobranceiros para alimentación (incluíndo docencia e materiais)                                                                                                                                                                                         | 7 | 3 | 3 | 2 | 3 | 2 | 3 | 23 | 1.700,00 |
| 14 | ASOC. GALICIA RURAL                                 | ***5183** | 4.080,00 | Recuperación da Trabanca (mantemento presa e muiño, mantemento sinalización, xornadas participación xuvenil e de mulleres, concurso fotografía, xornada difusión con ruta, campaña difusión)                                                                                                                                         | 0 | 5 | 5 | 3 | 3 | 2 | 3 | 21 | 4.080,00 |
| 15 | ASOC. AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE           | ***3292** | 2.904,21 | Estudo sobre os fornos do cal no concello de Castroverde (traballos de investigación e traballo de campo, traballos documentación, deseño e elaboración de material divulgativo)                                                                                                                                                     | 7 | 5 | 5 | 4 | 3 | 2 | 3 | 29 | 2.904,21 |

|    |                                                                 |           |          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |   |   |   |   |   |   |   |    |          |
|----|-----------------------------------------------------------------|-----------|----------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|---|---|---|---|----|----------|
| 16 | MORCEGOS DE GALICIA                                             | ***3166** | 4.543,01 | Estudo da presenza do noctúlo xigante <i>Nyctalus lasiopterus</i> e outras especies ameazadas de morcegos en bosques culturais da Reserva da Biosfera Terras do Miño (traballos de gabinete, saídas ao campo, informe final, xornada difusión, coordinación proxecto, incluíndo os gastos de persoal e os desprazamentos) | 7 | 5 | 5 | 4 | 3 | 2 | 3 | 29 | 4.543,01 |
| 17 | ASOC. CULTURAL MESTURA DE NETE                                  | ***8202** | 2.200,00 | Obradoiro de construción de tamboril tradicional (incluíndo docencia e materiais)                                                                                                                                                                                                                                         | 0 | 3 | 3 | 2 | 3 | 2 | 3 | 16 | 2.200,00 |
| 18 | MARCHA NORDICA WALKING LUGO (EN CONSTITUCIÓN)                   | ***6569** | 2.900,00 | 11 centos e máis de km camiñados na Reserva Terras do Miño (organización de 8 rutas de sendeirismo e 2 cursos de promoción da técnica de sendeirismo e marcha nórdica, incluíndo seguros, imprenta, desprazamentos, traballos fotográficos e vídeo, materiais ruta e inscricións)                                         | 7 | 3 | 5 | 4 | 3 | 2 | 3 | 27 | 2.900,00 |
| 19 | ASOC. GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO                          | ***3927** | 4.960,00 | Agroecoloxía en acción: Divulgación de prácticas agrogandeiras e horticolas responsables coa biodiversidade na Reserva da Biosfera Terras do Miño (celebración de 7 sesións divulgativas con degustación de produtos autóctonos e accións de mellora de espazo hortícola)                                                 | 7 | 3 | 3 | 5 | 2 | 0 | 0 | 20 | 4.960,00 |
| 20 | ASOC. DE MULLERES SAN BARTOLOMEU DE INSUA                       | ***3758** | 1.140,00 | Obradoiro de conservación e fermentado de alimentos e curso de plantas medicinais e unguentos (incluíndo docencia, materiais e desprazamentos)                                                                                                                                                                            | 0 | 5 | 3 | 2 | 2 | 0 | 3 | 15 | 1.140,00 |
| 21 | ASOC EDUCATIVA NENEA MEDRAR CREANDO                             | ***4679** | 3.721,12 | Aventura na Biosfera: Vixías do Bosque (1 campamento para nenos, incluíndo monitores, materiais, servizos de educación ambiental)                                                                                                                                                                                         | 0 | 3 | 5 | 1 | 3 | 2 | 3 | 17 | 3.721,12 |
| 22 | SOCIEDADE MICOLOXICA LUCUS                                      | ***2729** | 4.000,00 | XXIII Exposición de Cogomelos (montaxe exposición, incluíndo persoal, aluguer vehículos e mesas expositivas, materiais, displays, cartelería, fichas descritivas e servizo audiovisuais)                                                                                                                                  | 7 | 5 | 5 | 1 | 3 | 2 | 3 | 26 | 4.000,00 |
| 23 | APA DEL C.P. ANTONIO INSUA BERMUDEZ                             | ***1198** | 1.425,00 | Ampliación da horta escolar con zonas específicas para plantas aromáticas, pigmentos naturais e cultivo de cogomelos (acondicionamento terreo, plantación especies, obradoiro educativo cogomelos, obradoiros uso de plantas e creación de tintes, obradoiro apicultura ecolóxica)                                        | 0 | 5 | 3 | 2 | 3 | 0 | 3 | 16 | 1.425,00 |
| 24 | ASOC. VECIÑOS O CADAVAL                                         | ***2696** | 1.005,00 | Curso de restauración de mobles antigos e aperos (incluíndo docencia e materiais)                                                                                                                                                                                                                                         | 0 | 3 | 3 | 3 | 3 | 0 | 3 | 15 | 1.005,00 |
| 25 | ASOCIACIÓN VECIÑAL RECREATIVA E CULTURAL DE SAN MARTIÑO DE PINO | ***3551** | 1.839,20 | Aproveitamento de recursos alimentarios naturais da contorna na gastronomía (incluíndo docencia e materiais)                                                                                                                                                                                                              | 0 | 5 | 3 | 3 | 1 | 0 | 3 | 15 | 1.839,20 |
| 26 | ASOC. DE MULLERES RURAIS ALFINETE                               | ***8549** | 2.280,00 | Curso de elaboración de Traxe Tradicional Galego (incluíndo docencia e materiais)                                                                                                                                                                                                                                         | 7 | 3 | 3 | 1 | 2 | 0 | 3 | 19 | 2.280,00 |
| 27 | ASOC. DE PAIS ALUMNOS TERRA CHA DO CEIP DE ROMÁN                | ***3128** | 1.140,00 | Horto de plantas medicinais (plantación especies medicinais, xornadas, edición material divulgativo)                                                                                                                                                                                                                      | 0 | 5 | 3 | 2 | 2 | 0 | 3 | 15 | 1.140,00 |
| 28 | ASOC. PARA A DEFENSA ECOLOXICA DE GALIZA                        | ***0448** | 3.211,26 | Charcas con vida na Reserva da Biosfera Terras do Miño (actividade educación ambiental, actividade voluntariado ambiental, revisión cartografía e traballo de campo, material divulgación)                                                                                                                                | 7 | 5 | 3 | 5 | 3 | 2 | 0 | 25 | 3.211,26 |
| 29 | ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA                 | ***3476** | 3.200,00 | Recuperación da Festa da Árbore e posta en valor do patrimonio natural da parroquia de Santaballa (organización Festa da Árbore, xornadas divulgativas e obradoiros, exposición, folletos informativos)                                                                                                                   | 0 | 5 | 3 | 2 | 3 | 0 | 3 | 16 | 3.200,00 |

|    |                                 |           |          |                                                                                                                                                                                                    |   |   |   |   |   |   |   |    |             |
|----|---------------------------------|-----------|----------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|---|---|---|---|----|-------------|
| 30 | APA COLEGIO PÚBLICO DE MEIRA    | ***1205** | 2.755,00 | Coñecendo a biodiversidade da nosa contorna (roteiro con actividades educativas, incluíndo gastos de transporte e de monitores)                                                                    | 0 | 3 | 3 | 4 | 3 | 2 | 3 | 18 | 2.755,00    |
| 31 | ARBORETUM-PINETUM LUCUS AUGUSTI | ***8709** | 1.470,00 | Proxecto de desbaste (entresaca), poda e xestión da masa arbórea no xardín botánico Lucus Augusti (talas e podas en diversos árbores do Arboretum de Lugo, incluída a xestión dos restos vexetais) | 0 | 5 | 3 | 3 | 2 | 2 | 0 | 15 | 1.470,00    |
|    |                                 |           |          |                                                                                                                                                                                                    |   |   |   |   |   |   |   |    | 99.989,83 € |

## 2. Listaxe solicitude desestimada porque o ámbito de actuación non se corresponde cos concellos da Reserva da Biosfera Terras do Miño

|   |                                   |           |          |                                                                                                  |
|---|-----------------------------------|-----------|----------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1 | ASOC. DE MULLERES RURAIS DEL CHAO | ***1893** | 1.000,00 | Explorando a horticultura ecolóxica en Ribeira de Piquín a través de obradoiros interxeracionais |
|---|-----------------------------------|-----------|----------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|

## 3. Listaxe solicitude desestimada porque o importe da subvención a conceder é menor do importe mínimo establecido na convocatoria

|   |                           |           |          |                                             |
|---|---------------------------|-----------|----------|---------------------------------------------|
| 1 | ASOCIACIÓN VECIÑAL DE MOR | ***5077** | 950,00 € | Un paseo pola historia: o patrimonio de Mor |
|---|---------------------------|-----------|----------|---------------------------------------------|

## 4. Listaxe solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima da 1ª fase de valoración

Non hai.

### LIÑA 10.3 RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES

#### 1. Listaxe solicitantes aos que se propón a concesión de subvención

|    |                                                    |           |                    |                                                                                                                                                                                                                                   | VALORACION (MÁX. 30 PUNTOS) |                              |                                |                  |                 |              |                              |       |                           |
|----|----------------------------------------------------|-----------|--------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|------------------------------|--------------------------------|------------------|-----------------|--------------|------------------------------|-------|---------------------------|
| Nº | SOLICITANTE                                        | NIF       | IMPORTE SOLIC. (€) | ACTIVIDADE                                                                                                                                                                                                                        | MEMBRO ORG PART. (7 PUNTOS) | CUMPR PLAN ACCIÓN (5 PUNTOS) | CALIDADE E INTERESE (5 PUNTOS) | POBOAC. (5 PUNT) | PROMOC (3 PUNT) | DIA RB (2 P) | VALORACIÓN SOCIAL (3 PUNTOS) | TOTAL | TOTAL SUBV. CONCEDIDA (€) |
| 1  | ASOCIACIÓN ACCIÓN CUARTO MUNDO                     | ***3175** | 6.542,40           | Constitución da cooperativa de apoio rural (alugueiro local, gastos persoal, gastos material funxible)                                                                                                                            | 0                           | 5                            | 3                              | 5                | 1               | 0            | 3                            | 17    | 6.542,40                  |
| 2  | ASOC. CULTURAL DEPORTIVA CHAO DE SEBES             | ***4543** | 6.633,17           | II Musical Gastronómico Xatagaia 2025 (aluguer carpa, escaerio e alumeado, equipo son e técnico, mobiliario interior)                                                                                                             | 7                           | 3                            | 3                              | 4                | 3               | 0            | 3                            | 23    | 6.633,17                  |
| 3  | ASOC. CORRIPIA                                     | ***5068** | 4.561,70           | Trala pista da bolboreta Apolo na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (deseño e edición material difusión, deseño e celebración xornada de campo, actuacións difusión e comunicación) | 7                           | 5                            | 5                              | 5                | 3               | 0            | 3                            | 28    | 4.561,70                  |
| 4  | ASOC. CULTURAL E DE VECIÑOS O TEIXEIRO DE PIORNEDO | ***0382** | 2.069,10           | J. S. Bach e Xesús Fraga nos Ancares - Piornedo (concerto-recital en vivo)                                                                                                                                                        | 7                           | 3                            | 3                              | 5                | 1               | 0            | 3                            | 22    | 2.069,10                  |
| 5  | APA DEL CPI DE CERVANTES                           | ***4453** | 6.360,23           | V Xornada de Degustación de Tenreira de Ancares (organización e desenvolvemento da xornada incluíndo produtos agrolimentarios, recursos materiais e humanos e seguros)                                                            | 7                           | 5                            | 3                              | 5                | 3               | 2            | 3                            | 28    | 6.360,23                  |
| 6  | ASOC. MONTES E VALES                               | ***3891** | 5.476,99           | Cociña de Ancares Terras de Burón, sabores do pasado, praceres do presente (tres xornadas de cociña incluíndo docencia, aluguer espazo, materiais, documentación audiovisual e difusión e promoción)                              | 7                           | 5                            | 3                              | 5                | 3               | 0            | 3                            | 26    | 5.476,99                  |
| 7  | ASOC. CLÁSICOS BECERREÁ                            | ***9201** | 4.500,00           | I Concentración de coches e motos clásicos Becerreá (concentración de coches e ruta de sendeirismo, incluíndo degustación produtos autóctonos, seguros, merchandising e difusión)                                                 | 0                           | 3                            | 3                              | 5                | 2               | 0            | 3                            | 16    | 4.500,00                  |
| 8  | ASOCIACIÓN CULTURAL DEIQUI                         | ***7489** | 2.565,00           | Campamento da natureza en Navia de Suarna (incluíndo gastos de monitores, desprazamentos, material funxible e difusión)                                                                                                           | 0                           | 3                            | 3                              | 5                | 3               | 0            | 3                            | 17    | 2.565,00                  |

|    |                                                  |           |          |                                                                                                                                                                                                                                         |   |   |   |   |   |   |   |    |             |
|----|--------------------------------------------------|-----------|----------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|---|---|---|---|---|---|----|-------------|
| 9  | ASOC XUVENIL CULTURAL A CAMELA (EN CONSTITUCIÓN) | ***5087** | 5.850,11 | Recuperación da romaría en Cereixedo (actuacións musicais, obradoiro aproveitamento recursos naturais, actividades para nenos, publicidade, seguros, degustación produtos, merchandising)                                               | 7 | 5 | 5 | 5 | 3 | 2 | 3 | 30 | 5.850,11    |
| 10 | ASOC. CULTURAL E DEPORTIVA ACUDE DUMIA CERVANTES | ***6079** | 3.510,00 | Actividades de promoción da aldea de Dumia, Cervantes (aluguer carpa e equipo de son, merchandising, organización concurso, degustación mel, cartelería, publicidade, actuación musical, actividades para nenos)                        | 7 | 3 | 3 | 5 | 3 | 2 | 3 | 26 | 3.510,00 €  |
| 11 | ASOCIACIÓN RENTE AO COUCE                        | ***5137** | 3.923,98 | Feira do 12 (organización do evento, aluguer carpa e mobiliario, publicidade e degustación produtos autóctonos)                                                                                                                         | 7 | 5 | 3 | 4 | 2 | 0 | 3 | 24 | 3.923,98 €  |
| 12 | ASOC. CASTAÑO Y NOGAL                            | ***3868** | 6.832,05 | Actuacións de mantemento e conservación da ruta de sendeirismo Quintá-Rio Donsal (desbroces e limpeza, compra-reposición de sinalización, rehabilitación de estruturas de madeira e barnizado, traballos supervisión técnica)           | 7 | 3 | 5 | 4 | 1 | 0 | 3 | 23 | 6.832,05 €  |
| 13 | SOCIEDADE MICOLÓXICA LUCUS                       | ***2729** | 1.500,00 | Divulgación dos valores naturais, culturais e etnográficos da RB dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá 2025 (transporte participantes, 2 rutas guiadas, xornada, degustación produtos autóctonos, visita guiada) | 7 | 5 | 3 | 5 | 3 | 2 | 3 | 28 | 1.500,00    |
| 14 | MARCHA NORDICA WALKING LUGO (EN CONSTITUCIÓN)    | ***6569** | 2.800,00 | Subindo montes e baixando chairas (organización 3 rutas, incluíndo seguros, imprenta, locomoción, traballos fotográficos e vídeo, materiais ruta e inscricións)                                                                         | 7 | 3 | 5 | 5 | 3 | 2 | 3 | 28 | 2.800,00    |
| 15 | ASOC. SER                                        | ***4982** | 4.750,00 | Filandón familiar: construción de cabano en árbores con familias da comarca (1 xornada educativa para familias e 1 obradoiro, incluíndo gastos de organización, monitores, materiais, degustación produtos autóctonos e difusión)       | 7 | 3 | 5 | 5 | 3 | 0 | 3 | 26 | 4.750,00    |
| 16 | ASOC. GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO           | ***3927** | 3.620,00 | Descuberta de Biodiversidade nos Ancares: Bioblitz de Piornedo 2025 (2 xornadas de ciencia cidadá incluída a organización e os docentes, visita guiada a Piornedo e degustación produtos autóctonos)                                    | 7 | 5 | 5 | 5 | 2 | 0 | 3 | 27 | 3.620,00    |
|    |                                                  |           |          |                                                                                                                                                                                                                                         |   |   |   |   |   |   |   |    | 71.494,73 € |

## 2. Listaxe solicitudes desestimadas por non acadar a puntuación mínima da 1ª fase da valoración

Non hai.

De acordo co punto 10 CONCESIÓN E COMUNICACIÓN das bases da convocatoria, respecto ao acordo de concesión definitiva:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 (LPACAP), o acordo de concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP.*

*Así mesmo o citado acordo de concesión definitiva tamén será obxecto de publicación e na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal).*

*O acordo de resolución definitiva de concesión ou denegación das subvencións ás entidades beneficiarias pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.”*

O que se notifica aos efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases e o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Lugo, 8 de setembro de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 25-06-2025, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2521

### Anuncio

#### RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA PROXECTOS DE INVESTIMENTOS QUE PROMOVAN A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2025

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrancia competitiva, destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para proxectos de investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 1 de agosto de 2025, acordou aprobar a resolución provisional da referida convocatoria de subvencións e notificar o acordo provisional aos interesados de acordo co previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións.

O anuncio da resolución provisional publicouse o día 7 de agosto de 2025 no BOP de Lugo nº 180 e na web da Deputación Provincial ([http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subv\\_activ\\_RRBB2025](http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subv_activ_RRBB2025)).

Detectado erro no anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 180 do día 7 de agosto de 2025, deuse novamente publicidade, na súa integridade, da resolución provisional da concesión de subvencións, en réxime de concorrancia competitiva, destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para proxectos de investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025.

Este anuncio da resolución provisional publicouse o día 12 de agosto de 2025 no BOP de Lugo nº 184 do e na web da Deputación Provincial ([http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subv\\_activ\\_RRBB2025](http://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subv_activ_RRBB2025)), concedendo un novo prazo de 10 hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións, non presentándose ningunha alegación no prazo concedido.

Polo tanto, de acordo co punto 10 CONCESIÓN E COMUNICACIÓN das bases da convocatoria, “*finalizado, no seu caso, o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá carácter definitivo e procederase á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. Así mesmo o citado anuncio tamén será obxecto de publicación e na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)*”.

A resolución definitiva da convocatoria de subvencións, en réxime de concorrancia competitiva, destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para proxectos de investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2025 correspóndese coas listaxes que se anexan a continuación.

#### LIÑA 10.2 RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO

##### 1. Listaxe solicitantes aos que se propón a concesión de subvención

|    |                                                    |           |                    |                                                                                                                                              | VALORACION (MÁX. 30 PUNTOS) |                              |                                |                  |                 |              |                              |       | TOTAL SUBV. CONCEDIDA (€) |
|----|----------------------------------------------------|-----------|--------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|------------------------------|--------------------------------|------------------|-----------------|--------------|------------------------------|-------|---------------------------|
| Nº | SOLICITANTE                                        | NIF       | IMPORTE SOLIC. (€) | PROXECTO                                                                                                                                     | MEMBRO ORG PART. (7 PUNTOS) | CUMPR PLAN ACCIÓN (5 PUNTOS) | CALIDADE E INTERESE (5 PUNTOS) | POBOAC. (5 PUNT) | PROMOC (3 PUNT) | DIA RB (2 P) | VALORACIÓN SOCIAL (3 PUNTOS) | TOTAL |                           |
#### **7. Admisión das persoas aspirantes:**

7.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia ditará unha resolución no prazo de **5 días hábiles**, que se publicará na sede electrónica <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal/info.0>, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de **2 días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

7.2. Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Presidencia declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal/info.0>, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

#### **8. Tribunal:**

8.1. O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

8.2. A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

8.3. O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

8.4. Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

8.5. O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

### 9. Procedemento de selección:

O proceso de selección efectuarase polo sistema de oposición.

#### 9.1. Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados oportunamente na sede electrónica <https://residenciamaiorsesnosasradocarme.sedelectronica.gal/info.0> en consonancia coas presentes bases.

#### 1º) Exercicio sobre o coñecemento da lingua galega:

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que: “[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Polo tanto, o exercicio consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un pequeno texto, facilitado polo Tribunal, de castelán para o galego ou de galego para o castelán. Esta proba terá unha duración de **10 minutos** e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta, declarándose NON APTOS aqueles que cometan 20 erros ou máis.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega, mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude do curso de perfeccionamento da lingua galega, ou Celga 3, ou equivalente, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

#### 2º) Exercicio. Práctico

Consistirá na demostración da habilidade e coñecemento de carácter práctico das funcións a realizar por un auxiliar de clínica en relación coas materias do Temario do Anexo II.

O tribunal decidirá o tempo máximo para a realización da proba e si se realizará de xeito individual ou conxunto por parte das persoas aspirantes. Estas circunstancias serán comunicadas na publicación na que se cite ás persoas aspirantes para a realización da proba.

Este exercicio será valorado cun máximo de 10 puntos, debendo acadarse un mínimo de 5 puntos para superalo. As persoas que non acaden a puntuación mínima serán declaradas non aptas.

#### 9.2. Publicación dos resultados dos exercicios:

As puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na sede electrónica <https://residenciamaiorsesnosasradocarme.sedelectronica.gal/info.0>. Para superar o proceso será necesario acadar **un mínimo de 5 puntos puntos no exercicio práctico e ter superada a proba de galego, no seu caso**. As persoas que non acaden dita puntuación serán declaradas non aptas.

**Concederase un prazo de 2 días naturais para os efectos de alegacións polos aspirantes, que se contarán desde o día seguinte a data de publicación dos resultados na sede electrónica** <https://residenciamaiorsesnosasradocarme.sedelectronica.gal/info.0>

**10. Relación de persoas aprobadas e presentación de documentación:** Rematadas as probas e resoltas as alegacións, no seu caso, o tribunal publicará na sede electrónica <https://residenciamaiorsesnosasradocarme.sedelectronica.gal/info.0> a relación de aspirantes por orde de puntuación, propoñéndoa **ampliación da vixente bolsa de emprego**.

O tribunal elevará proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Presidencia para que proceda á resolución de expediente de selección e orde da bolsa.

As persoas propostas e as persoas aspirantes incluídas na bolsa achegarán no prazo de **3 días naturais**, contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas na sede electrónica <https://residenciamaiorsesnosasradocarme.sedelectronica.gal/info.0> os documentos seguintes:

- Copia compulsada de:

- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.
- Fotocopia do título de Celga 3 ou titulación equivalente.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

Quedarán excluídas as persoas que non aporten a documentación dentro do prazo, salvo que poidan xustificar causa de forza maior.

### 11. Funcionamento da bolsa.

A bolsa será complementaria da vixente (**Resolución 2024-0143 e 2025-0026**) e estará formada polos/as aspirantes que superen o proceso selectivo, en orde a súa puntuación, **a continuación da última persoa integrante da vixente bolsa**. A bolsa funcionará do seguinte modo.

#### Situación na bolsa de emprego:

As persoas que se atopen conformando parte na bolsa de traballo poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:

- a) “Dispoñible”: Situación dende a que o/a integrante da bolsa pode recibir o chamamento de oferta de contratación.
- b) “Ocupado/a”: Situación que indica que se atopa prestando servizos no O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, independentemente do posto desempeñado.

O cambio da situación de dispoñible a ocupado e viceversa realizarao de oficio o responsable da xestión das bolsas unha vez remate o contrato.

- c) “Suspensión de chamamentos”: O/A integrante da bolsa atoparase na situación de “suspensión de chamamentos” cando solicite expresamente e por escrito que non se realicen chamamentos para contratacións.

O/A interesado/a, mentres se atope nesta situación, non será requirido/a para novas ofertas e non será penalizado, mantendo o mesmo posto na lista. Se desexa estar dispoñible para novos chamamentos deberá comunicalo expresamente por escrito.

- d) “Excluído/a”: Situación que comportará a exclusión definitiva do/a aspirante da bolsa de traballo e que se producirá por algunha das seguintes causas:

1. Rexeitar un chamamento sen xustificalo nas causas establecidas que determinan o pase ao final da lista.
2. Simular ou falsear calquera das causas que xustifican o rexeitamento de ofertas de traballo.
3. Separación ou despido do servizo mediante expediente disciplinario.
4. Toda renuncia voluntaria ou ruptura da relación laboral temporal co O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, se é o caso, sempre que non sexa por algunha das causas de xustificación de rexeitamento de oferta.

- e) “Ilocalizable”: Situación na que se atoparían aqueles/as integrantes da bolsa que non fora posible localizalos pola Administración vía telefónica ou vía correo electrónico que facilita o/a aspirante.

O/A interesado/a en situación de “ilocalizable” non será chamado/a para novas ofertas ata que non cambie a súa situación a “dispoñible” (cambio que deberá solicitar expresamente e por escrito)

#### Realización dos chamamentos

Cando sexa preciso levar a cabo a contratación de persoal, os chamamentos realizaranse do seguinte xeito:

- Realizaranse 3 chamadas telefónicas cunha diferenza de media hora entre cada chamada. Se non hai resposta á terceira chamada, o/a aspirante pasará ao final da bolsa de emprego e enviaráselle un correo electrónico, no caso de haber comunicado o mesmo, para avisalo da situación. Se non responde ao correo nun prazo de tres días naturais, pasará á situación de “ilocalizable”; se non facilitou un correo electrónico, pasará á situación de “ilocalizable” directamente despois da terceira chamada sen resposta.
- En casos de urxencia acreditada, poderase realizar un único chamamento a cada aspirante e, no caso de non contestar, pasarase ao seguinte, neste caso sen penalización.

- Os chamamentos comezaranse polo principio da bolsa, dende o número 1 e seguindo a súa orde segundo a dispoñibilidade e estado das persoas integrantes da mesma.
- Cando se teñan que realizar varios chamamentos da mesma bolsa de emprego nun período non superior a 15 días hábiles, continuarase dende o último chamamento realizado.
- Cando se realicen chamamentos, deixarase constancia no expediente cunha dilixencia asinada pola persoa que realice os mesmos, indicando a data e hora das chamadas e a resposta recibida.

Se a persoa rexeita o chamamento:

a. Pasará ao final da lista no caso de presentar algunha das seguintes xustificacións dentro dos tres días naturais seguintes ao chamamento:

- Por razón de enfermidade que lle impida o desempeño do traballo ao momento do chamamento.  
Esta situación xustificarse mediante a achega da correspondente baixa médica ou certificación oficial do médico de familia.
- Por maternidade, paternidade ou adopción ou acollemento, durante o tempo que legalmente corresponda.  
Esta situación xustificarse con fotocopia do libro de familia ou, se non, informe médico.
- Por atoparse en alta no réxime xeral da Seguridade Social ou en calquera dos seus réximes especiais no momento do chamamento ou iniciar tal prestación dentro do mes seguinte á data de inicio do contrato ofertado.  
Esta situación xustificarse coa vida laboral actualizada emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, certificado de servizos prestados emitido por Administración pública, ou copia do contrato ou nomeamento.
- Por ser coidador/a principal de persoal dependente.  
Esta situación xustificarse por medio de documentación acreditativa de tal condición.
- Por matrimonio ou parella de feito. Durante o prazo de trinta días naturais dende a data de matrimonio ou realización de parella de feito non se realizarán ofertas de traballo, salvo que manifeste por escrito pasar a situación de “dispoñible” antes da finalización deste período.  
Esta situación xustificarse con fotocopia do libro de familia ou calquera outro documento acreditativo.
- Por exercer cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

b. Será eliminada da bolsa, de xeito definitivo, se non presenta xustificación nos termos sinalados no apartado anterior, dentro dos tres días naturais seguintes.

#### Finalización da causa de contratación

Unha vez finalizado o contrato ou chamamento segundo o asinado no contrato de traballo, a persoa pasará automaticamente da situación de “ocupado/a” á situación de “dispoñible”.

No caso de rexeitar o contrato unha vez formalizado o contrato, será eliminada da lista, sempre que non sexa por algunha das causas de xustificación de rexeitamento, en cuxo caso, pasará ao final da lista.

#### Publicación do estado da bolsa

Os movementos, incidencias e novidades que se produzan na lista publicaranse na sede electrónica do Concello de Sarria <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal> dentro dos 5 días hábiles seguintes.

### **12. Réxime de incompatibilidades.**

As persoas que resulten contratadas estarán sometidas ao réxime de incompatibilidades que establece a Lei 53/1984, do 26 de decembro, e outras incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

### **13. Normas finais:**

13.1. Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

13.2. A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o

establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

## ANEXO I (INSTANCIA)

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                          |                                            |         |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|--------------------------------------------|---------|
| <b>PROCEDEMENTO SELECTIVO. 2ª AMPLIACIÓN BOLSA AUXILIAR DE CLÍNICA</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                          |                                            |         |
| <b>DATOS DO SOLICITANTE:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                          |                                            |         |
| NOME:                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | PRIMEIRO APELIDO:                        | SEGUNDO APELIDO:                           | N.I.F.: |
| NACIONALIDADE:                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                          | DATA DE NACEMENTO:                         |         |
| <b>NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                          |                                            |         |
| NOME:                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | PRIMEIRO APELIDO:                        | SEGUNDO APELIDO:                           | N.I.F.: |
| <b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                                          |                                            |         |
| Notifíquese a:                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | <input type="radio"/> Persoa solicitante | <input type="radio"/> Persoa representante |         |
| <input type="checkbox"/> Medios Electrónicos:                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              | Correo Electrónico:                      |                                            |         |
| <input type="checkbox"/> Outros Medios:                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | Nome da Vía:                             |                                            |         |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | Número, Bloque, Andar, Porta:            |                                            |         |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | Parroquia / Lugar:                       |                                            |         |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | Localidade / Provincia:                  |                                            |         |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | Código Postal / País:                    |                                            |         |
| Teléfono/s de contacto:                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                          |                                            |         |
| <b>TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |                                          |                                            |         |
| TITULACIÓN:                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                          | DATA DA TITULACIÓN:                        |         |
| ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                          |                                            |         |
| <input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                          |                                            |         |
| <b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:</b><br>1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.<br>2. Que reúne as condicións esixidas para o ingreso á función pública e <u>as especialmente sinaladas na convocatoria</u> , comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario. |                                          |                                            |         |
| <b>PROTECCIÓN DE DATOS:</b> Esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas. Responsable: Concello de Sarria                                                                                                                                                                          |                                          |                                            |         |
| <b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                          |                                            |         |
| <b>LUGAR E DATA:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                                          |                                            |         |

SR. PRESIDENTE DO O.A. RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME

| Información básica sobre protección de datos |                                                                                                                                                                                                                                                           |
|----------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Responsable                                  | O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme                                                                                                                                                                                                           |
| Finalidade                                   | Tramitar procedementos e actuacións administrativas.                                                                                                                                                                                                      |
| Lexitimación                                 | Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.                                                                                                                                    |
| Destinatarios                                | Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.                                                                                         |
| Dereitos                                     | Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.                                                                                                                                        |
| Información Adicional                        | Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección<br><a href="https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal/privacy">https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal/privacy</a> |

## ANEXO II – TEMARIO

Tema 1.- Os Estatutos do Organismo Autónomo Nosa Señora do Carme. Órganos de Goberno e Administración.

Tema 2.- O Concello de Sarria. Organización Municipal: Órganos necesarios.

Tema 3.- Concepto de xeriatria e xerontoloxía. Particularidades e coidados no paciente xeriátrico.

Tema 4.- A persoa con coidados paliativos: habilidades no seu coidado e na relación co paciente e cos seus familiares.

Tema 5.- As persoas anciáns e a alteración do sono, o exercicio físico e a promoción da saúde.

Tema 6.- Primeiros auxilios básicos. Curas e coidados básicos das persoas anciáns.

Tema 7.- Concepto de enfermidade e tipos de enfermidades existentes. Enfermidades dixestivas. Alteracións dixestivas. Alteracións hematolóxicas. Alteracións cardíacas e circulatorias. Enfermidades dermatolóxicas, do aparato locomotor e do aparato respiratorio.

Tema 8.- Técnicas de mobilización, de deambulación e de traslado de anciáns.

Tema 9.- Tipoloxía e uso de grúas, grúas de bipedestación e outras axudas nas transferencias. Axudas á deambulación e o seu manexo.

Tema 10.- Coidados básicos de enfermería. Pautas de hixiene ordinaria nos anciáns. Baño. Coidados xerais: úlceras, dentadura e uñas. Mantemento e coidados de próteses dentais, auditivas e oculares.

Tema 11.- Control de esfínteres. Eliminacións do paciente: sondaxes, osteotomías e enemas. Tipos e manexo de pañais.

Tema 12.- Coidados e manexo de enfermos con sondaxe vesical, sondaxe nasogástrico, PEG e ostomías.

Tema 13.- Recollida de mostras biolóxicas para análise (esputo, feces e orina).

Tema 14.- Conceptos fundamentais sobre nutrición e dietética. Necesidades, pautas alimentarias e preparación da dieta para os anciáns.

Tema 15.- O papel do auxiliar de clínica no manexo da medicación e dos suplementos nutricionais.

Tema 16.- O papel do auxiliar de clínica no coidado e manexo de persoas con problemas de saúde mental. Demencias, depresión, confusión, axitamento e delirios.

Tema 17.- A habitación residencial. O colchón. A roupa de cama ou lencería. Técnicas para facer a cama e para abrir a cama para a recepción da persoa maior.

Tema 18.- Limpeza, desinfección e esterilización do instrumental sanitario e de superficies. Desinfectantes e antisépticos.

Tema 19.- Residuos sanitarios: Clasificación, recollida, tratamento e eliminación.

Tema 20.- Prevención de riscos laborais específicos da categoría. Especial referencia á manipulación manual de cargas e ao risco biolóxico.

Sarria, 9 de setembro de 2025.- O Presidente, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 2526

## VIVEIRO

*Anuncio*

Aprobada inicialmente a modificación orzamentaria 26/2025 de baixas por anulación para financiar remanente de tesourería negativo, polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 6 de agosto de 2025, e exposta ao público por 15 días hábiles, segundo anuncio no BOP nº 186 do 14 de agosto de 2025, quedou aprobada definitivamente ó non haber reclamacións contra o acordo de aprobación inicial.

Viveiro, 8 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 2524